

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

**MEMORIA FINAL
CURSO 2022-2023**

IES SANTA IRENE-VIGO

1) PROPOSTAS DE MELLORA PARA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.1) DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

PROXECTO COMPETENCIAL 1º e 3º ESO e VALORES ÉTICOS DE 2º ESO

A profesora que o impartiu destaca a dificultade para axustarse aos contidos tendo unha sesión por semana, aínda así alcanzou a traballar as conmemoracións do curso escolar propostas. Cómpre resaltar que traballou moi ben cos cursos de 3º ESO por ser grupos menos numerosos, sobre todo co grupo de 3ºESO-C, no que houbo un ambiente colaborativo moi bo.

Nos grupos de 2º ESO-B e 2ºESO-C, de Valores éticos o traballo resultou máis complicado por ser grupos con moito alumnado, 30 e 31 respectivamente.

EDUCACIÓN EN VALORES ÉTICOS E CÍVICOS- 3º ESO

De Setembro a Xaneiro o seu profesor foi Luis C. V. como substituto.

O programa de contidos previsto para esta materia (tres temas: Autocoñecemento-Autonomía moral, Sociedade-Xustiza-Democracia e Sociedade sostible e Igualdade) por motivos diversos, non foi viable (festivos, actividades complementarias, ausencias...). Pese a estas dificultades, parte da programación prevista foi desenvolvida con actividades, fichas, videos, traballos, exposicións en clase, explicacións etc.

FILOSOFÍA 4º de ESO

A programación non se cumpriu totalmente: na 2ª avaliación só se incluíu un dos temas (Socialización) e na terceira O problema da liberdade humana e houbo unha modificación, por petición do alumnado, substituíndo unha Introducción á Lóxica proposicional ao tema A liberdade humana como condición da creatividade.

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO - DIURNO

Seguindo o establecido o curso pasado, na segunda avaliación soamente se examinaron do tema 3 (Natureza e Cultura no ser humano) e na terceira se incluíron os temas de Política e Ética (este último abordouse amplamente e moi orientado ao vindiero curso). Por cuestións de tempo as exposicións orais do 1º e 2º trimestre fixéronse no inicio da avaliación seguinte.

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO - ADULTOS

Os temas desenvolvidos no curso cos alumnos Adultos foron os seguintes: Saber filosófico, Saber científico, Coñecemento, Natureza e Cultura, Vida en Sociedade, Política e Democracia, Vida moral. Ao longo do curso fixéronse lecturas e exposicións de capítulos do libro *Filosofía en la calle* que deron lugar a pequenos debates sobre temas seleccionados polos alumnos.

Este curso o alumnado de adultos tivo unha asistencia irregular ás clases e tamén falta de traballo asiduo e constancia. Había diferenzas moi sustanciais entre eles. Salientar que unha porcentaxe significativa deste alumnado ten problemas de saúde mental.

Todo ó anterior fixo que o temario non fora suficientemente profundizado e que o número de aprobados sexa baixo.

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º de BACHARELATO DIURNO

A pesar de contar con catro horas semanais, este curso non foi posible explicar Marx e Nietzsche ata despois de celebrar a avaliación ordinaria.

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º de BACHARELATO ADULTOS

Nos dous grupos desta materia cumpriuse o programa de contidos básico, con reducións en algúns autores.

PSICOLOXÍA- DIURNO

Abordouse con normalidade a programación.

PSICOLOXÍA- ADULTOS

Os contidos impartidos foron: Introducción: Psicoloxía como ciencia, Métodos. Escolas principais, Areas-Ramas principais da Psicología e Psicoloxía e actualidade.

Os alumnos traballaron cada trimestre elaborando un tema-autor que foi exposto na clase. Ademais dalgúñas lecturas e visionado de vídeos en clase e na casa comentados, traballaron con noticias de actualidade sobre a materia.

1.2) MOTIVOS DAS MODIFICACIÓNS

A modificación de 1º de Bacharelato foi debida á participación dunha parte importante do alumnado no PILI o que supuso que se ausentaran durante tres semanas no inicio do curso.

1.3) PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN ÁS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

En *Educación en Valores Cívicos e éticos de 3º ESO* as propostas de mellora céntranse nos seguintes puntos:

- Ser máis realistas na programación de contidos
- Realizar – aínda máis- actividades onde os alumnos sexan protagonistas
- Promover actividades que fagan visible esta materia no IES
- Proponer actividades con persoas externas que sumen-aporten na temática da materia.

En *Filosofía de 4º de ESO*, propoñémonos introducir o desenvolvemento dun tema no que se traten algúns conceptos básicos de metafísica. E tamén facer fincapé nalgúns dos pensadores máis destacados da Historia da Filosofía.

En *Filosofía de 1º de Bacharelato*, tal e como xa dixemos o ano pasado, tentaremos destacar a actualidade da Filosofía a través da presenza dos filósofos nos medios de comunicación (noticias, artigos e entrevistas publicadas ou emitidas) e incidiremos no carácter propedéutico desta materia cara o vindeiro curso agora que a Historia da Filosofía é materia común (adicando especial atención aos autores de selectividade).

En *Psicoloxía de Adultos* as propostas refírense á posible elaboración dun experimento grabado e exposto na aula, a búsqueda de máis colaboracións externas e a posible visita dalgún centro relacionado coa materia.

En *Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato* as posibilidades de mellora céntranse nestes puntos: avanzar máis no primeiro trimestre, tentar fomentar unha participación máis activa do alumnado en clase, traballar máis os comentarios de texto e a súa metodoloxía e exemplificar como facer as probas para responder aos contidos.

1.4) RESULTADOS ACADÉMICOS OBTIDOS

PROXECTO COMPETENCIAL

-1ºESO-A: 17 alumnos. 100% aprobados.

-1ºESO-B: 18 alumnos. 100% aprobados.

-1ºESO-C: 30 alumnos. 100% aprobados.

-3ºESO-A: 18 alumnos. 100% aprobados.

-3ºESO-B: 13 alumnos. 100% aprobados.

-3ºESO-C: 10 alumnos. 100% aprobados.

VALORES ÉTICOS 2º ESO

-2ºESO-A: 19 alumnos. 100% aprobados

-2ºESO-B: 13 alumnos, dos cales 2 suspenderon a materia. Polo tanto 84,62% aprobados e 15,38% suspensos. Estes dous alumnos teñen aberto o protocolo de absentismo escolar.

Ademais teñen pendente a materia de valores éticos de 1ºESO que non lograron recuperar ao non presentarse.

-2ºESO-C: 31 alumnos. 100% aprobados.

VALORES ÉTICOS 1º ESO MATERIA PENDENTE

Os 2 alumnos coa materia de Valores éticos de 1ºESO pendente suspenderon a materia. Polo tanto, 100% suspensos.

VALORES ÉTICOS 4º ESO

- 4º ESO A: 13 alumnos. 100% aprobados.

- 4º ESO B: 14 alumnos. 100% aprobados

- 4º ESO C: 11 alumnos. 10 aprobados, (91%) y 1 suspenso (tratábase dun alumno que practicamente non asistiu a clase por diversos problemas persoais).

EDUCACIÓN EN VALORES ÉTICOS E CÍVICOS- 3º ESO

- 3º ESO A: 28 alumnos. 27 aprobados (97%) e 1 suspenso (3%).

- 3º ESO B: 24 alumnos. 23 aprobados (98%) e 1 suspenso (2%)

- 3º ESO C: 30 alumnos. 29 aprobados (97%) e 1 suspenso (3 %)

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO- DIURNO

- 1º Bach. A: 27 alumnos. 100 % aprobados.
- 1º Bach. B: 23 alumnos. 18 aprobados (78,3 %). 5 suspensos (21,7 %)
- 1º Bach. C: 23 alumnos. 16 aprobados (69,5 %). 7 suspensos (30,5 %)
- 1º Bach. D: 24 alumnos. 20 aprobados (83 %). 4 suspensos (17 %)
- 1º Bach. E: 27 alumnos. 22 aprobados (81%). 5 suspensos (19 %)

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO- ADULTOS

- 1º Bach. F: 16 alumnos. 7 aprobados (44 %).. 9 suspensos (56 %)

PSICOLOXÍA 2º DE BACHARELATO

- 2º Bach. A: 9 alumnos aprobados (100 %)
- 2º Bach B: 1 alumno aprobado (100 %)
- 2º Bach C: 3 alumnos aprobados (100 %)
- 2º Bach D: 7 alumnos aprobados (100 %)
- 2º Bach E: 8 alumnos aprobados (100 %)

Reseñar que dúas alumnas de 2º Bach C causaron baixa en decembro e un alumno de 2º Bach D pasou ao réxime de adultos, motivo polo que comenzaron o curso 31 e remataron 28.

PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO-ADULTOS

A porcentaxe de aprobados foi do 100 %. Aprobaron os 16 alumnos.

HISTORIA DA FILOSOFÍA, 2º BACHARELATO- DIURNO

- 2º Bach C: 18 alumnos. 14 aprobados (77,7 %). 4 suspensos (22,3 %).
- 2º Bach D: 20 alumnos. 18 aprobados (90 %). 2 suspensos (10 %)
- 2º Bach E: 14 alumnos. 9 aprobados. (64 %). 5 suspensos (36 %)

Ao longo do curso, en 2º Bach C producíronse dúas baixas e en 2º D un alumno pasou ao réxime de adultos.

HISTORIA DA FILOSOFÍA, 2º DE BACHARELATO- ADULTOS

- 2º Bach. G: 21 alumnos. 20 aprobados (95 %). 1 suspenso (5%)

- 2º Bach. H: 12 alumnos. 7 aprobados (58 %). 5 suspensos (42 %)

PENDIENTES DE FILOSOFÍA DE 1º DE BACHARELATO. CONVOCATORIA ORDINARIA

Dos dous alumnos coa materia pendente, na convocatoria ordinaria 1 aprobou e o outro suspendeu. (50% e 50 %, respectivamente).

Na convocatoria extraordinaria o alumno suspenso non se presentou.

2) OUTROS ASPECTOS RELEVANTES

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Bacharelato de adultos é, en se mesmo, unha modalidade de atención á diversidade: pola idiosincrasia do alumnado, pola súa variedade (dispar en idades, madurez, actitude cara ó estudo, asistencia, complexidade vital, socioeconómica e cultural, e mesmo ata motivos graves de saúde), polos moi diversos coñecementos e estratexias ante o estudo, etc. etc. En consecuencia, as adaptacións son constantes e máximas a cada grupo e mesmo, ás veces, a cada alumno ou alumna.

RECLAMACIÓNS FORMULADAS POLO ALUMNADO

Este curso tivemos dúas reclamacións.

Unha foi formulada por unha alumna de 2º de Bacharelato na materia de Historia da Filosofía na Convocatoria Ordinaria. O departamento desestimou os motivos que se alegaban na reclamación e mantivo a nota que fora posta polo profesor.

A outra foi dunha alumna de 1º de Bacharelato de Adultos na materia de Filosofía . Neste caso a reclamación referíase á nota do exame da Convocatoria Extraordinaria. Ao igual que no caso anterior, desestimouse a reclamación e mantívose a cualificación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Tanto o alumnado de 4º de Filosofía como o de 1º de Bacharelato Adultos fixeron unha saída ao Museo Liste de Vigo co obxectivo de coñecer a cultura popular tradicional galega.

Os alumnos de Psicoloxía Adultos tiveron tres charlas externas sobre Psicoloxía, Educación e Clínica.

AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR

Nas diferentes materias é habitual o traballo e reflexión sobre textos de autores e temáticas diversas, así como o seu comentario.

LIBROS DE TEXTO

Propoñemos como libro de texto para a materia de **3º de ESO *Educación en Valores cívicos e éticos*** o da Editorial Oxford, pola súa riqueza e variedade de materiais, o que permitirá ao docente ter moitos máis recursos.

Nas restantes materias do Departamento non adoptamos libro de texto. Cada profesor proporcionará ao seu alumnado os materiais que estime pertinentes dacordo co establecido na Programación do vindeiro curso.

Vigo, 4 de xullo de 2023
Carlos Javier González Alonso
Xefe do Departamento